

# Charlie e a fábrica de chocolate



Título:  
Autor:  
Ilustrador:  
Editorial:  
Colección:  
Nº páxinas:  
ISBN:  
Idade:

Charlie e a fábrica de chocolate  
Roald Dalh  
Quentin Blake  
Xerais  
Merlín  
224  
84-9782-277-3  
De 11 anos en diante



# o autor

## Roald Dahl

Autor británico, fillo de noruegueses, nado en Gales en 1916.

Na Segunda Guerra Mundial incorporábase á Royal Air Force como piloto de combate, pero un accidente aéreo retiráao do servizo e facilítalle a dedicación á creación literaria.

Neste campo creará novelas e contos para adultos, guións cinematográficos e, sobre todo, obras para o público infantil que o converten nun dos escritores máis lidos no último século. Entre elas podemos citar *A marabillosa medicina de George*; *Danny, o campión do mundo*; *Iago e o pexego xigante*; *As bruxas*; *Charlie e o grande ascensor de cristal*; *Matilda*; *James y el melocotón gigante*; *El dedo mágico*; *¡Qué asco de bichos!*; *Los Mimpins*; *El gran gigante bonachón*; *El vicario que hablaba al revés*; *El rector de Nibbleswicke*; *El cocodrilo enorme*; *La jirafa, el pelicano y el zorro*; *Los cretinos*; *El Superzorro*; *Versos perversos*; *Cuentos en verso para niños perversos*; *Puchero de rimas*; *Mi año*; *Boy: relatos de infancia* e *Volando solo*.

Moita da súa obra é autobiográfica, non só as últimas obras citadas que teñen esa consideración, senón tamén as outras nas que vai deixando as pegadas daquilo que o marcou definitivamente como a orfandade de pai dende moi pequeno ou o seu paso polas escolas de férrea disciplina e mestres ou compañeiros crueis.

Dahl, considerado un dos escritores máis recoñecidos da literatura infantil do século XX, morreu o 23 de novembro de 1990.

# o ilustrador

## Quentin Blake

Quentin Blake (Kent, 1932) foi o artista que colaborou con maior frecuencia con Dahl, de maneira que, para moitos lectores, son inseparables os textos de Roald Dahl coas ilustracións de Quentin Blake.

Estudou en Cambridge. Foi director do Departamento de Ilustración do Royal College of Art.

Publicou máis de vinte e cinco libros. Recibiu dúas veces o Premio Nacional e o Premio The Children's Laureate, distinción que recoñece a súa traxectoria e contribución ao mundo da literatura infantil inglesa.

# o libro

O señor Willy Wonka, o xenio da fabricación de lambonadas, agachou cinco billetes dourados nos envoltorios das súas chokolatinas. Os que dean con eles poderán visitar a súa misteriosa fábrica, onde se elaboran os doces máis sabedoiros que se poidan imaxinar: xeados que nunca se derreten, caramelos eternos que non se desgastan, chicles que nunca perden o sabor... Unha fábrica na que ningún estraño entrou nos últimos quince anos, e para a que se busca herdeiro.

Charlie Bucket, un rapaz de bo corazón que procede dunha familia moi pobre e vive á sombra da extraordinaria fábrica de chocolate, atopará un dos billetes máxicos, converténdose nun dos rapaces afortunados que entren nese lugar marabilloso. Esta será unha visita que mudará a súa vida para sempre.

O humor, unha narración eficaz e económica, así como a tenrura para caracterizar un conxunto de personaxes adultos e infantís, singularizan esta obra considerada como unha das xoias da historia da literatura infantil de todos os tempos.

Pasa por ser a novela máis famosa de Roald Dahl, a primeira da serie que terá como protagonistas a Charlie e ao señor Wonka e que terá continuación en *Charlie e o grande ascensor de cristal*.

Foi traducida a múltiples linguas. A súa adaptación cinematográfica, protagonizada por Johnny Depp e dirixida por Tim Burton, estreouse no verán do 2005.

# temas e valores



## **A pobreza e a fame**

Sobrevivir co mínimo ao lado doutros que teñen de sobra.



## **A familia ao completo:**

Pais, fillo e os catro avós convivindo na mesma casa.




## **Contar e escoitar contos**

Presentación dos avós como os contadores por excelencia.



## **A bondade de Charlie...**


...fronte aos defectos dos outros rapaces aos que lles tocan os billetes.  
Wonka, coma un deus, castigará aos malos e premiará aos bos.



## **O traballo fabril, en cadea**


A realización do traballo como autómatas ou a ledicia dos últimos empregados da fábrica de chocolate.

# temas e valores




## **A educación dos nenos...**

...en relación á comida ou a non consentilos dándolles todo o que piden.



## **A esaxeración**

A hipérbole, como recurso lúdico na narración. Fálase do máis do máis do mundo: a fábrica máis grande, prodixiosa, fantástica, extraordinaria...



## **A relación entre o cine e a literatura**

Comparación entre o relato literario e o cinematográfico. A posibilidade de que un nos leve ao outro.

# actividades

## Antes da lectura

- Observemos os debuxos de presentación dos personaxes e apliquemos esta estratexia noutro libro que nos gustase moito, realizando os retratos dos protagonistas.
- A definición de cada un dos rapaces da historia, feita con poucas palabras pero absolutamente concisa, pode animarnos a que fagamos o mesmo cos personaxes desa outra historia á que nos referiamos na actividade anterior.
- Tamén resulta interesante como se introduce ao protagonista, a través da súa familia, no primeiro dos capítulos. Probemos a facer o mesmo coa nosa.

## Ao longo da lectura

- Podemos ir tomando nota das características de cada un dos personaxes para poder describilos posteriormente.
- Cada capítulo ten un título que nos adianta o contido do mesmo. Se antes da lectura nos pode facer imaxinar o que haberá detrás, unha vez lido poderemos cambiarllo por outro creado por nós.
- Dise dos anciáns que «estaban tan engurrados coma abruños secos e tan osudos coma esqueletos». Pensemos noutras comparacións posibles.
- O señor Wonka parece o amo dos imposibles. Na páxina vinte e tres adiántase-nos algúns dos seus inventos. Repasémoslos e imaxinemos outros a realizar, de estar no caso.
- A historia do señor Wonka e o príncipe indio que o avó Joe lle conta a Charlie pode dar pé a inventar outras nas que tamén participe o gran chocolateiro.
- Unha fábrica de chocolate na que os obreiros non entran nin saen... Pensemos como pode ser iso, como podería funcionar esa fábrica dunha maneira diferente a como a ten organizada o señor Wonka.
- A espionaxe industrial parece un problema grave ao que os grandes inventores lle deben poñer solución. Investiguemos algo ao respecto.
- A través da prensa saben que o señor Wonka realizará unha visita guiada para cinco afortunados. Reflexionemos acerca da información que nos chega a través da prensa e daquela que recibimos por outros medios de comunicación.

# actividades

- Wonka, igual que fan outras empresas, conseguirá aumentar a compra de chocolate con esa oferta, pois moita xente mercará as chocalatinas buscando os billetes dourados. Pensemos noutro tipo de promocións ás que asistísemos por parte das grandes empresas.
- O primeiro billete correspondeulle a un neno larpeiro e lambón, gordo e mal alimentado. Vexamos as argumentacións da nai para defender que o rapaz siga a comer sen parar. A continuación, poderemos falar acerca do que será unha alimentación equilibrada.
- Buscando os billetes dourados o país enteiro parece tolear. Nas páxinas corenta e un e corenta e dous cóntasenos o que a xente fai buscándoos. Pensemos noutras posibilidades e redactémolas.
- A segunda afortunada é unha nena consentida e mimada. Neste caso, Charlie dubida de se ese é un xogo limpo. Compartamos a opinión que temos nós ao respecto.
- Charlie recibe de regalo de aniversario unha chocalatina pero, antes de abrila, os adultos tentan convencelo de que é imposible ter tanta sorte como para conseguir un billete dourado, co obxectivo de que non se desengane cando non o atope. Esta é unha estratexia que adoitamos usar para previr a frustración. Meditemos en que casos a utilizamos.
- Charlie é tan bo que quere que todos proben esa chocalatina e vailla ofrecendo a todos os membros da familia, a pesar do moito que a el lle apetece. Só por este detalle Charlie xa é merecedor do premio. Todos nos alegramos cando a bondade de Charlie é recompensada coa sorte. Pensemos noutros casos nos que sucedese isto e pareza premiarse a bondade.
- O señor Bucket é tan pobre que non ten cartos para mercar unhas gafas. Hai máis xente polo mundo a quen lle pasa o mesmo; por iso, nalgunhas ópticas recollen as gafas vellas para facerllas chegar. Indaguemos algo acerca disto.
- O terceiro billete tócalle a unha «mascadora de chicle», unha rapaza que non para de falar acerca desa afección. O cuarto billete será para un adicto á televisión que adora as armas. Pregúntanse os avós de Charlie: «¿é que agora todos os nenos se comportan como estes mocosos?» ¿Que pensades vós a respecto deste tema?
- Nalgún sitio fálase de noxentos rapaces que non merecen esa sorte de atopar o billete dourado. Comentemos outros casos nos que mesmo o azar pode resultar inxusto.
- O avó Joe ten un tesouro secreto. Podemos falar dos tesouros que temos cada un de nós ou daqueles que coñecemos que o teñan.

# actividades

- Charlie mercará unha segunda chocolatina coa moeda que o avó gardaba. Desta vez tampouco terán sorte pero, fronte á decepción, rin. Tomarse a broma os malos momentos pode ser unha boa terapia. Falemos doutros casos nos que observásemos este tipo de reacción.
- Cando xa pensabamos que non se podería ser máis pobre do que é a familia de Charlie, que só ten unha cama na que dormen os catro avós, dous de cada lado, atopámonos con que sempre se pode ir a peor e o pai perde o traballo. No mundo pasa igual: sempre cabe aínda máis pobreza e miseria e desgraza... Lembremos situacións que demostren esta afirmación.
- Chámanos a atención a diferenza entre uns e outros: Augusto comendo sen parar e Charlie pasando fame. No terceiro mundo, os nenos sen poder gastar enerxías (morte por desnutrición) e, no primeiro, tendo que queimalas (problemas de sobrepeso). Realicemos un debate sobre o mundo rico e o pobre, as consecuencias das diferenzas entre eles e as alternativas posibles para paliar esta problemática.
- Observemos a maneira que ten Charlie de aforrar forzas, e tamén a forma de non aceptar a comida dos demais.
- «Non hai mal que por ben non veña» é un dito que poderíamos aplicar a Charlie cando atopa a moeda de cincuenta peniques mentres camiña pouco a pouco e mirando para o chan. Busquemos outros ditos e comentémolos.
- Charlie atopa un billete dourado e... ¿que pasa coas oito moedas que lle sobran despois de pagar as dúas chocolatinas? Sempre hai aproveitados e, alí mesmo, alguén pretende mercarlle o billete a Charlie, pero o tendeiro impídeo. Iso fainos pensar que sempre nos podemos atopar con xente boa. Fagamos un listado coas mellores persoas que coñecemos.
- Tamén o pai de Charlie é xeneroso e deixa que sexa o avó quen o acompañe á fábrica a pesar de que el estaría encantado de facelo. Ás veces sacrificámonos porque sabemos que alguén gozará con isto máis ca nós. Lembremos algunha situación na que sucedese algo así.
- É inverno, vai frío, pero Charlie non ten abrigo. Leamos o conto *A Cerilleira* ou algún de Dickens. Leamos algún conto triste de rapaces pobres.
- A fábrica Wonka está escavada debaixo da terra. Unha especie de labirinto con centos de corredores. Debuxémolo.
- Paisaxes fantásticas con ríos de chocolate, unha fervenza na que o chocolate se mestura e bate, tubos zugadoros polos que sube e se distribúe, herba de azucre, un barco de caramelo... Razas fantásticas coma os oompa-loompas de Loompalandia

# actividades

que vivían baixo o perigo dos cornupeiros, estragalentos e escachagarabullos. Describamos aos oompa-loompas e, a continuación, completemos a creación dos seus inimigos.

- Comezan os castigos, os escarmentos: Augustus, por larpeirón e desobediente, afoga no río de chocolate; Violet convértese en arando polas ansias de probar un novo chicle; Veruca, por quere-lo todo e de inmediato, acaba no medio do lixo... Pero neste caso tamén se castiga aos pais, pois eles son os responsables de que sexa unha nena consentida. Repasemos estas situacións para concluír cales son os defectos destes rapaces, de que maneira se manifestan, cales poden ser as causas deses comportamentos, cal a relación coa educación que recibiron...

- Os oompa-loompas fanlle unha canción a cada un dos nenos. Podemos poñer-lles música. Cada equipo farao cunha delas. Logo, xa animados, podemos crear novas cancións pensando en xente ou en personaxes que teñen vicios ou comportamentos desagradables.

- Cando baixan no barco van pasando por portas detrás das que hai depósitos de diferentes cousas. Observamos estes. Descubramos aquilo que nos chama a atención e inventemos novos depósitos.

- Na sala de invencións son moitos os inventos que se atopan, pero seguramente aínda cabería algún máis, produto da nosa imaxinación. Inventémolo.

- Polos corredores van atopando portas cos nomes dos estraños produtos que se atopan dentro. Animémonos a inventar novas portas e lambonadas aínda máis fantásticas.

- O ascensor de cristal é especial; pode ir en calquera dirección, non só cara arriba e cara abaixo. Nel hai unha manchea de botóns que informan de a onde se pode ir e, seguramente, a nós se nos ocorran moitos novos lugares e tamén novas lambonadas.

- Observemos como se explica o funcionamento da televisión e imaxinemos como se realizará a publicidade co método que acaba de inventar o señor Wonka.

- Wonka é quen de verlle a parte positiva a case todo. Pensa que «non hai mal que por ben non veña» e, cando o neno Tele sae con tres metros de lonxitude, imaxina que será estupendo ver como se pelexan por el os equipos de baloncesto. Imaxinemos outras transformacións que poida sufrir e busquémoslle maneiras de sacarlle proveito, tal e como fai Wonka.

- Na canción dos oompa-loompa a Mike Tele faise unha defensa da lectura. Escribamos nós outras.

# actividades

- O señor Wonka quería atopar un neno que aprenda del e poida dirixir a fábrica como a el lle gusta. Comentemos a opinión que nos merece esta decisión.
- Para Wonka nada é imposible. Se os avós non se erguen da cama, meterase esta no ascensor. A maneira de ser deste personaxe –sempre disposto a buscar solucións a calquera problema que poida xurdir– é moi atractiva; tanto, que podemos xogar a presentarlle todas as dificultades que se nos ocorran e esperar a que el lles busque remedio. Para isto, un equipo propoñerá os problemas e outro daralles a solución no nome de Wonka.
- Dahl parece dicirnos que todos os nosos desexos poderán cumprirse, mesmo aqueles que nin sequera nos atrevemos a confesar. Pensemos neles e escribamos esa historia.

## Despois da lectura

---

- Opinemos sobre o personaxe de Willy Wonka. Describámolo achegando adxectivos que o definan.
- Certamente, en lugar de «fin» debería poñer «continuará» e, a continuación, o título da seguinte novela, *Charlie e o grande ascensor de cristal*. Polo tanto, podemos pasar dunha lectura á outra.
- Realicemos unha busca en internet para conseguir imaxes da película.
- Vexamos a película e opinemos acerca das diferenzas entre esta e a novela, de como o imaxinamos nós e como o fixo o director, de se nos defraudou ou cubriu as nosas expectativas. Acheguemos a opinión de cada un.
- Entremos na páxina [www.charlieylafabricadechocolate.com](http://www.charlieylafabricadechocolate.com).
- Falemos, entre todos, doutras películas deste mesmo director, ou nas que traballe o mesmo actor, Johny Deep.
- Esta non é a única película que se fixo sobre esta novela. Hai unha versión anterior, de Gene Wilder, realizada en 1971. Se tivesemos ocasión de vela, poderíamos observar a diferenza entre as dúas.
- Algún espectador comenta o parecido entre o Willy Wonka representado por Johnny Depp e un personaxe moi popular do que non daremos o nome para que poidamos xogar a adiviñalo.

# actividades

- Entremos na páxina [www.roalddalh.com](http://www.roalddalh.com) e divertirémonos coñecendo máis a este autor e a súa obra.
- A tradución deste libro ao galego é de Alberto Avendaño, un escritor do que seguramente poderemos atopar algún libro na biblioteca do centro.
- Busquemos outros libros de Roald Dahl e sigamos a ler.



**Pedidos a:**

**Comercial Grupo Anaya  
Polígono de Bergondo  
1ª Travesía - Parcela B1  
15.165 Bergondo (A Coruña)  
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

**XERAIS**

Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo  
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo  
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80  
Telefax: (986) 20 13 66  
Correo electrónico: [xerais@xerais.es](mailto:xerais@xerais.es)  
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez, 2005  
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2005  
Depósito legal: VG. 1179-2005